

Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL**

## ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO

**Subvencións e axudas***CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS. TEMPADA 2022/2023**ANUNCIO*

Con data, vinte e cinco de maio de dous mil vinte e catro, a Alcaldía – Presidencia do Concello de Sanxenxo, dictou a seguinte Resolución.

*EXP. 174/2024: BASES E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS TEMPADA 2022/2023.*

*ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA*

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

Visto o borrador das Bases e convocatoria da concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais para as actividades correspondentes á tempada 2022/2023 ou tempada 2023, segundo o calendario oficial da modalidade deportiva da que se trate.

Vistos os informes da técnica municipal de planificación de data 7 de maio de 2024 e da intervención municipal, de data 27 de maio de 2024, esta presidencia, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, resolve:

1º) Aprobar as bases para a concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais, tempada 2022/2023, segundo o texto que se adxunta á presente Resolución como parte integrante da mesma, e proceder a súa convocatoria mediante o procedemento de concorrencia competitiva. As subvencións están destinadas a fomentar as actividades deportivas no Concello de Sanxenxo.

2º) Dispoñer a publicación deste acordo, incluíndo as “Bases e convocatoria da concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais-tempada 2022/2023”, segundo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS. TEMPADA 2022/2023.*

O Concello de Sanxenxo a través do O. A. Terra de Sanxenxo, establece no presente documento as bases reguladoras para a concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a fomentar as actividades deportivas no Concello de Sanxenxo, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, atendendo á lexislación



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

vixente na materia e establecéndose ao efecto as seguintes bases e procedéndose á convocatoria correspondente á tempada 2022/2023 ou tempada 2023, segundo o calendario que teña establecido a federación correspondente na modalidade deportiva de que se trate.

### 1º.— RÉXIME XURÍDICO.

O réxime xurídico das subvencións contidas nas presentes bases está constituído pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia e, ademais, pola normativa aplicable en materia de réxime local e procedemento administrativo común e por estas Bases Reguladoras.

### 2º.— OBXECTO.

As presentes bases teñen por obxecto o establecemento e a regulación da concesión de subvencións a entidades deportivas, pola súa participación en competicións oficiais, e a deportistas individuais pola súa participación en competicións federadas, na tempada 2022/2023, ou tempada 2023, segundo o deporte do que se trate.

### 3º.— BENEFICIARIOS/AS.

Poderán solicitar as axudas reguladas na presente convocatoria:

#### LIÑA 1.

As asociacións e entidades deportivas privadas, validamente constituídas e sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social no Concello de Sanxenxo, realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. Ademais, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Sanxenxo, no momento da publicación das bases, ou que presentasen a súa solicitude de inscrición coa documentación obrigatoria correspondente.

Deben estar igualmente ó corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, así como estar ao corrente nas obrigas coa seguridade social e co Concello de Sanxenxo.

As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter mínimo 10 licenzas vixentes na tempada 2022/2023 ou tempada 2023, e as competicións nas que participe a entidade deberá estar reguladas e incluídas dentro do calendario oficial de competición organizado pola federación da modalidade deportiva correspondente, tendo que participar nun mínimo de 4 competicións.

#### LIÑA 2.

Deportistas individuais federados empadroados no Concello de Sanxenxo, con anterioridade á aprobación das presentes bases, que participen en competicións deportivas federadas en



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

modalidade individual, e non pertencen a una entidade deportiva beneficiaria das presentes axudas.

Deben estar igualmente ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, así como estar ao corrente nas obrigas coa seguridade social e co Concello de Sanxenxo.

Cando os deportistas sexan menores de idade as axudas terán que ser solicitadas polas nais, pais ou o titores.

Terán a consideración de deportes de carácter individual aquelas prácticas ou disciplinas deportivas que non requiren de acompañamento para levarse a cabo, é dicir que poidan realizarse en solitario.

Para poder optar a esta liña de axuda, deberá ter como mínimo 1 punto no apartado de valoración de resultados deportivos.

Cada entidade, persoa física ou xurídica só poderá presentar dentro da mesma solicitude axudas para unha das liñas subvencionadas establecidas no punto anterior.

Non poderán ser destinatarias de subvención as sociedades anónimas deportivas ou as entidades con ánimo de lucro.

Non poderán ser destinatarias de subvención as entidades deportivas que teñan adxudicadas no orzamento municipal do presente ano, subvencións nominativas.

Non se subvencionarán en ningún caso, aquelas actividades e/ou competicións para as que os solicitantes xa foran beneficiarios dalgunha outra axuda ou achega económica por parte do Concello de Sanxenxo.

Os/as solicitantes non poderán estar incusos/as en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades, asociacións ou deportistas individuais que teñan pendente de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior no mesmo programa e deberán estar ao corrente, no seu caso, no pago da obriga por reintegro das mesmas.

#### 4.<sup>º</sup>.— ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

No marco do presente programa só resultarán susceptibles de seren subvencionadas aquelas actuacións que se axusten a algún dos seguintes puntos.

a) Serán subvencionables os gastos derivados da participación en competicións federadas de carácter oficial (liña 1):

- Gastos federativos, entendendo como tales, os gastos necesarios para a participación das entidades nas competicións deportivas: licenzas, inscricións en competición



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

oficiais, mutualidades, seguros deportivos e outros seguros contratados relacionados coa actividade subvencionada, gastos de arbitraje, comisarios e/ou xuíces deportivos.

- Gastos de vestimenta deportiva da entidade.
- Produtos básicos de farmacia ou primeiros auxilios.
- Gastos relacionados co transporte e/ou medios de transporte utilizados para asistir a competicións.
- Gastos de mantemento e/ou aloxamento.
- Gastos relacionados co material deportivo non inventariable.
- Gastos correspondentes a salarios, cotas da Seguridade Social e retencións do IRPF practicadas.

b) Serán subvencionables os gastos derivados da participación en competicións para deportes individuais (líña 2), cun máximo dunha solicitude por categoría da competición.

- Gastos de manutención e/ou aloxamento.
- Gastos relacionados co transporte e/ou medios de transporte utilizados para asistir a competicións.
- Gastos de inscrición nas competicións.
- Gastos de vestimenta deportiva para competición
- Gastos relacionados co material deportivo non inventariable para a competición.

#### 5º.— *FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.*

As axudas e subvencións reguladas nestas Bases financiaranse de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria da Concellería de Deportes, Xuventude e Voluntariado do O. A. Terra de Sanxenxo no ano 2024 (ou daqueles convenios, ou de calquera outra colaboración que subscriba o Concello de Sanxenxo de acordo coa finalidade e obxectivos destas bases).

O orzamento do que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de cen mil euros (100.000,00€), partida 34102.48900.

O importe máximo das subvencións ou axudas por entidade ou club deportivo de carácter federado será de quince mil euros (15.000,00€). A contía máxima a percibir non poderá superar o 80% do orzamento total presentado.

O importe máximo das subvencións ou axudas a deportistas individuais que participen en competicións federadas, será de catro mil euros (4.000,00€). A contía máxima a percibir por deportista non poderá superar o 80% do orzamento total.

A subvención concedida será destinada en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados coa actividade deportiva segundo o sinalado na base 3ª da presente convocatoria.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

As subvencións concedidas serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público o privado, nacionais ou da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia coa subvención ou axuda doutras administracións, entes públicos ou privados, supere o 100% do custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

#### 6º.— SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia normalizado que estará dispoñible na Sede electrónica do Organismo autónomo Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>), unha vez que comece o prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se algunha asociación ou entidade deportiva interesada presenta a súa solicitude presencial mente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude, aquela en a que fose realizada a emenda.

Os deportistas individuais, ademais, poderán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia que figura no Anexo II das presentes Bases, de maneira presencial no Rexistro xeral do Concello de Sanxenxo, ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documentación precisa para cada liña de subvención:

##### 6.a) Liña 1:

- Solicitude de subvención, dispoñible en modelo normalizado na sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo, ou como consta nas bases, presentala de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, ou por calquera dos medios habilitados na Lei 39/2015.
- Solicitude de subvención (Anexo II), debidamente cumprimentado.
- Número de licenzas expedidas durante a última tempada finalizada, detalladas por categoría e sexo (achegando documento acreditativo expedido pola federación correspondente).
- Categorias de competición durante a última tempada finalizada, detallada por equipo (achegando documento acreditativo expedido pola federación correspondente).
- Certificación na que se especifiquen o número de xornadas, torneos, campionatos e/ou calendarios das competicións nas que participan os deportistas obxecto de esta convocatoria durante a última tempada finalizada (achegando documento acreditativo expedido pola federación correspondente).



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

- Certificación na que se especifique o listado nominal dos adestradores do club durante a última tempada finalizada (achegando documento acreditativo expedido pola federación correspondente).
- Declaración responsable sobre a ausencia de débedas co Concello de Sanxenxo (Anexo III).
- Declaración responsable especificando as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade deportiva (Anexo III).
- Documento xustificativo expedido pola administración correspondente de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, así como, nas obrigas coa seguridade social.
- Breve memoria da actividade deportiva da tempada de referencia (Anexo IV).
- Orzamento equilibrado de ingresos e gastos (Anexo V).
- Copia do DNI do representante legal da entidade.
- Certificación da conta bancaria da entidade, onde se efectuarán, no seu caso, os pagos.

## 6.b) Liña 2:

- Solicitud de subvención, dispoñible en modelo normalizado na sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo, ou como consta nas bases, presentala de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, ou por calquera dos medios habilitados na Lei 39/2015.
- Solicitud (Anexo II), debidamente cumprimentada.
- Certificado oficial emitido pola federación correspondente da participación, xunto coa acta de competición e/ou resultados, así como calquera outra documentación acreditativa dos apartados da mesma
- Declaración responsable sobre a ausencia de débedas co Concello de Sanxenxo (Anexo III).
- Declaración responsable especificando as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade deportiva (Anexo III).
- Documento xustificativo expedido pola administración correspondente de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, así como, nas obrigas coa seguridade social.
- Breve memoria da actividade deportiva para a que solicita a axuda (Anexo IV).
- Orzamento detallado (Anexo V).
- Copia do DNI do deportista individual (non será necesaria se a solicitud é presentada polo propio deportista a través da sede electrónica).
- Certificación da conta bancaria onde se efectuará, no seu caso, os pagos.
- No seu caso, documento acreditativo da representación. Neste caso, cando o deportista e menor de idade, ademais copia do DNI da nai, pai ou titor.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia presentada electrónica.

#### 7ª.— PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se o escrito de solicitude, non reunise os datos de identificación ou calquera dos previstos no art. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase ao/a interesado/a, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos perceptivos, con indicación de que, se non o fixera, terase por desistido, arquivándose a solicitude sen máis trámites.

#### 8ª.— CRITERIOS PARA O OUTORGAMENTO DAS AXUDAS OU SUBVENCÍONS.

Criterios de avaliación das solicitudes da liña 1 de subvención para entidades deportivas en competicións federadas:

1. Nivel de competición regular do equipo representativo do club, segundo certificado federativo.
2. Nivel de competición dos equipos de base do club, segundo certificado federativo.
3. Número de licenzas federativas de deportistas menores de 18 anos, masculinas e femininas, segundo certificado federativo.
4. Número de licenzas federativas de deporte adaptado, segundo certificado federativo.
5. Número de adestradores/as con licenza federativa e nivel de formación dos mesmos, segundo certificado federativo.

Criterios de avaliación das solicitudes da liña 2 de subvención para deportistas individuais:

1. Nivel de competición deportiva para a que solicita a axuda, segundo certificado federativo que así o acredite.
2. Licenza federativa do deportista. segundo certificado federativo que así o acredite.
3. Resultado deportivo da competición para a que solicita a axuda, segundo certificado federativo que así o acredite.
4. Desprazamento a competición para a que solicita a axuda.
5. Repercusión social nos medios de comunicación do deportista na competición para a que solicita a axuda.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

## 9ª.— VALORACIÓN.

Segundo os criterios de valoración expostos, obterase unha puntuación segundo o disposto a continuación:

## Liña 1:

<i>CRITERIOS DE VALORACION</i>	<i>PUNTUACIÓN MÁXIMA</i>
Ámbito de competición do equipo de referencia.	15 puntos
Ámbito de competición dos equipos de base.	30 puntos
Número de licenzas federativas masculinas <18 anos.	15 puntos
Número de licenzas federativas femininas <18 anos.	15 puntos
Número de licenzas de deporte adaptado.	10 puntos
Adestradores titulados con licenza federativa.	12 puntos

<i>ÁMBITO DE COMPETICIÓN DO EQUIPO DE REFERENCIA</i>	
Nacional	15 puntos
Autonómica	10 puntos
Provincial	5 puntos

<i>ÁMBITO DE COMPETICIÓN DOS EQUIPOS DE BASE</i>	
Nacional	15 puntos
Autonómica	10 puntos
Provincial	5 puntos

<i>NÚMERO DE LICENZAS MASCULINAS MENORES DE 18 ANOS</i>	
>150	15 puntos
De 101 a 150	12 puntos
De 51 a 100	10 puntos
De 26 a 50	8 puntos
De 11 a 25	4 puntos

<i>NÚMERO DE LICENZAS FEMININAS MENORES DE 18 ANOS</i>	
>150	15 puntos
De 101 a 150	12 puntos
De 51 a 100	9 puntos
De 26 a 50	6 puntos
De 11 a 25	3 puntos

<i>NÚMERO DE LICENZAS DE DEPORTE ADAPTADO</i>	
> 25	10 puntos
De 5 a 25	5 puntos

<i>ADESTRADORES TITULADOS</i>	
Nivel III	4 puntos
Nivel II	3 puntos
Nivel I	2 puntos
Monitor	1 punto

## Liña 2:





Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

<i>CRITERIOS DE VALORACION</i>	<i>PUNTUACIÓN MÁXIMA</i>
Categoría da competición deportiva	8 puntos
Categoría da licenza federativa	8 puntos
Resultados deportivos	10 puntos
Desprazamentos a competición	8 puntos
Repercusión social	3 puntos

<i>CATEGORÍA DA COMPETICIÓN DEPORTIVA</i>	
Campionato do Mundo ou Copa do Mundo	8 puntos
Campionato de Europa ou Copa de Europa	6 puntos
Campionato do España ou Copa Nacional	4 puntos
Campionato Galego ou Copa Galicia	2 puntos

<i>CATEGORÍA DA COMPETICIÓN DEPORTIVA</i>	
Senior / Absoluto	8 puntos
Veteranos / Master	6 puntos
Xuvenil / Xunior	6 puntos
Cadete / Infantil	5 puntos
Prebenxamín / Benxamín / Alevín	3 puntos

<i>RESULTADOS DEPORTIVOS</i>	<i>1º</i>	<i>2º</i>	<i>3º</i>	<i>4º/10º</i>	<i>Participación</i>
Campionato do Mundo ou Copa do Mundo	10 p	8 p	7 p	5 p	3 puntos
Campionato de Europa ou Copa de Europa	8 p	6 p	5 p	3 p	2 puntos
Campionato do España ou Copa Nacional	5 p	4 p	3 p	2 p	1 punto
Campionato Galgo ou Copa Galicia	3 p	2 p	1 p	0 p	0 punto

<i>DESPRAZAMENTOS AS COMPETICIÓN</i>	
Internacional (Asia, África, América, Oceanía)	8 puntos
Internacional (Europa)	6 puntos
Península Ibérica	4 puntos
Autonómica	2 puntos
Provincial	1 punto

<i>REPERCUSIÓN SOCIAL</i>	
Difusión nun medio de difusión nacional ou superior	3 puntos
Difusión nun medio de difusión autonómico	2 puntos
Difusión nun medio de difusión local ou provincial	1 punto

O valor económico do punto será de 100 euros. As axudas outorgadas deberán respectar os límites máximos establecidos segundo as liñas e criterios subvencionables, polo que a ningunha entidade se lle outorgará unha axuda maior a establecida e ditos límites.

No caso de que o valor económico do punto multiplicado polos puntos obtidos por todos os beneficiarios, sobre pásase o límite de gasto autorizado para cada liña, o valor do punto deberá ser minorado por resolución da Presidencia.

#### 10º.— *PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.*

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

A instrución do procedemento corresponde á Concellería de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda de deficiencias da documentación presentada.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios, formas e prioridades establecidas na base 9ª, elevaranse a unha Comisión de Valoración, que emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. As persoas integrantes da comisión e os suplentes, designaranse por resolución da Presidencia do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo entre o persoal técnico municipal, sendo o presidente da mesma o Concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, e actuando como secretario un técnico do departamento de deportes.

Á vista do informe da Comisión, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada e abrirase un prazo de dez días hábiles para que todas as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, a Comisión emitirá un novo informe de valoración e o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando a valoración obtida e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

O expediente de concesión das subvencións conterá un informe do órgano instrutor, no que coste que, da información que obra no seu poder, se desprende que as persoas ou entidades beneficiarias cumpran con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente a proposta deberá ser fiscalizada favorablemente polos servizos da intervención municipal.

### 11ª.— RESOLUCIÓN.

A partir da proposta, e tras o informe da intervención municipal, a Presidencia ditara resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda, a contía desta e a desestimación das restantes solicitudes.

A resolución non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para a resolución e notificación das subvencións será de seis meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude das mesmas. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

*12º.— NOTIFICACIÓN.*

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP). Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web do Concello de Sanxenxo.

Notificada a resolución definitiva, os/as interesados/as propostos/as como beneficiarios/as disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que manifestaran o contrario, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

*13º.— OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.*

Os/as beneficiarios/as das axudas ou subvencións adquiren as seguintes obrigas:

- Xustificar ante o O. A. Terra de Sanxenxo o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade, e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- Facer constar, que conta coa subvención do Concello de Sanxenxo, de forma clara, nos exemplares dos programas, carteis, anuncios, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que se publique con motivo da actividade subvencionada, incluíndo as publicacións en redes sociais.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materias de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- As entidades que reciban unha subvención igual ou superior a mil euros (1.000,00 €) farán constar na súa vestimenta o logo do Concello de Sanxenxo nun lugar visible.
- Colaborar co Concello de Sanxenxo naqueles programas ou actos deportivos que organice cando lle sexa requirido, para os efectos de promoción deportiva ou con fins benéficos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento que realice o O. A. Terra de Sanxenxo sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao O. A. Terra de Sanxenxo da obtención doutras subvencións ou axudas para mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

**14º.— XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

As xustificacións referentes ás actividades subvencionadas deberán presentarse no prazo máximo de 15 días hábiles dende a notificación da resolución definitiva de concesión da subvención, podendo quedar anulada a subvención se isto non se cumpre. A documentación xustificativa presentárase a través da sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo, podendo os deportistas individuais presentala no Rexistro xeral do Concello de Sanxenxo ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os beneficiarios deberán xustificar a realización da actividade coa entrega de:

- Conta xustificativa dos gastos que comportou a actividade subvencionada (Anexo VI).
- Declaración doutras axudas para a mesma finalidade (Anexo VI).
- Facturas ou documentos análogos, que reúnan os requisitos legais a efectos de IVE. Nestes documentos debe constar claramente o servizo prestado e levarán o selo ou sinatura do expedidor da factura, así como, os datos da entidade beneficiaria.
- Certificado da ausencia de débedas coa seguridade social, e a axencia tributaria estatal e autonómica.
- Certificación da conta bancaria onde, no seu caso, realizárase o pagamento. Unicamente se presentará se é unha conta bancaria diferente á presentada xunto coa solicitude.
- Acreditar a difusión da imaxe do Concello de Sanxenxo nas actividades obxecto desta convocatoria segundo se recolle na base 13ª, nos exemplares dos programas, carteis, anuncios, fotografías e demais material gráfico ou sonoro publicado con motivo da actividade subvencionada, incluíndo as publicacións en redes sociais. En caso contrario, penalizarase cun 5% do importe total concedido da axuda.
- Acreditar a inclusión da imaxe do Concello de Sanxenxo en toda a vestimenta de competición, co logo de Sanxenxo nun lugar visible, segundo se recolle na base 13ª. No caso contrario, penalizarase cun 10% do importe total concedido da axuda.

Os gastos de desprazamento, aloxamento, manutención e inscrición referidos na base 6.b) deberán ser necesarios para a participación na competición de que se trate, e gardar relación directa coa competición concreta na que se participa, obrigándose ós/ás beneficiarios/as a explicalos debidamente.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados entre o 1 de xuño do 2022 e o 31 de decembro de 2023, correspondentes á tempada 2022/2023 ou á tempada 2023, segundo o deporte de que se trate.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada pola Concellería de Deportes, Xuventude e Voluntariado. O departamento de deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Vista a documentación xustificativa, o órgano instrutor procederá a valorar, se coa xustificación presentada por cada beneficiario, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración das xustificacións, a comisión emitirá un informe e o Concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado elaborará a proposta de pago, que se fiscalizará pola intervención municipal.

Tras a xustificación, a proposta do Concelleiro e a fiscalización da intervención municipal, o órgano competente resolverá facendo mención expresa a que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación, e nese caso, proporase que se recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pagamento.

Se non se presentase a correspondente xustificación dentro do prazo, por resolución da Presidencia, iniciárase o expediente para a revogación da subvención.

O importe xustificado será como mínimo o importe subvencionado. No caso de que a entidade beneficiaria/deportista non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizárase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos das bases.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor, no prazo dun mes a partir da data límite de xustificación da subvención.

#### *15º.— PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.*

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na páxina web e na sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo. En todo caso, o acordo de concesión tamén será exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo, onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

#### *16º.— DEVOLUCIÓN E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.*

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, xunto cos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos enumerados no art. 33 da LSG, entre os que están:

- Telas obtido falseando as condicións requiridas, ou ocultando aquelas que o impedisen.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas, de tal forma que se incumpra total ou parcialmente o obxectivo da actividade ou do proxecto ou fin para os que foron concedidas.
- Incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

O procedemento de reintegro axustarase ao previsto nos artigos 37 e seguintes da LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e ao procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### 17ª.— PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes, para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto na lexislación vixente.

#### 18ª.— RECURSOS.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición perante o órgano que as ditou, que se entenderá desestimado se este período transcorre sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

 BASES E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES  
DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN  
COMPETICÍONS OFICIAIS. TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO II**  
**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

Datos da entidade solicitante	
Nome entidade:	
CIF:	Modalidade deportiva:
Enderezo:	C.P.:
Teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	
Número no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia:	
Datos da persoa representante da entidade	
Nome e apelidos:	DNI:
Enderezo:	C.P.:
Teléfono:	
Cargo que ocupa:	
Correo electrónico:	

**EXPÓN:** Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra foron publicadas as Bases e a convocatoria de concesión por parte do Concello de Sanxenxo de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais para participar en competicións oficiais - Tempada 2022/2023 o tempada 2023, segundo a modalidade deportiva de la que se trate.

**SOLICITA:** Participar en el proceso para la concesión de la subvención referida.

Documentación que se adxunta coa solicitude:	
	Certificado da federación correspondente co número de licenzas expedidas durante a tempada 2022/2023 – tempada 2023,
	Certificado da federación correspondinte coas categorías de competición nas que estaban inscritos os equipos na tempada 2022/2023 – tempada 2023.
	Certificado da federación correspondente na que se especifique os calendarios de competición onde toman parte os deportistas na tempada 2022/2023 – tempada 2023.
	Certificado da federación correspondente na que se especifique a listaxe de adestradores do club na tempada 2022/2023 – tempada 2023.
	Declaración sobre a ausencia de débedas co Concello de Sanxenxo (Anexo III).
	Declaración especificando as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade (Anexo III).
	Certificado sobre a ausencia de débedas coa Seguridade Social
	Certificado sobre a ausencia de débedas coa Axencia tributaria Autonómica e Estatal
	Memoria da actividade deportiva da tempada 2022/2023 - tempada 2023 (Anexo IV).
	Orzamento equilibrado de ingresos e gastos (Anexo V)
	Copia do DNI do representante legal da entidade.
	Certificación da conta bancaria da entidade.

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIÓN OFICIAIS TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO II**  
**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN (DEPORTISTAS INDIVIDUAIS)**

<b>Datos do deportista:</b>	
Nome e apelidos:	
DNI:	Modalidade deportiva:
Enderezo:	C.P.:
Teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	
Número da licenza federativa:	
<b>Datos da entidade na que está federado:</b>	
Nome entidade:	CIF:
Enderezo:	C.P.:
Teléfono:	
Correo electrónico:	

**EXPÓN:** Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra foron publicadas as Bases e a convocatoria de concesión por parte do Concello de Sanxenxo de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais para participar en competicións oficiais - Tempada 2022/2023 ou tempada 2023, segundo a modalidade deportiva da que se trate.

**SOLICITA:** Participar no proceso para a concesión da subvención referida.

<b>Documentación que se adxunta coa solicitude:</b>	
	Certificación da federación correspondente da participación na competición cos resultados obtidos.
	Gastos de aloxamento e/ou manutención.
	Gastos desprazamentos e/ou inscrición.
	Declaración sobre a ausencia de débedas co Concello de Sanxenxo (Anexo III).
	Declaración especificando as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade (Anexo III).
	Certificado sobre a ausencia de débedas coa Seguridade Social
	Certificado sobre a ausencia de débedas coa Axencia tributaria Autonómica e Estatal
	Memoria da actividade deportiva para a que solicita a axuda (Anexo IV).
	Orzamento da actividade para a que solicita a axuda (Anexo V).
	Copia do DNI.
	Certificación da conta bancaria.
	Documento acreditativo ou poder de representación legal e copia do DNI do representante (solo en caso de que o deportista sexa menor de idade).

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura





Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO III**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

<b>Datos da persoa representante da entidade</b>
Nome e apelidos:
DNI:
En calidade de secretario/a da entidade deportiva:
Con CIF:

**DECLARA**

- Que, a data de hoxe, a nosa entidade non ten contraída ningún tipo de débeda cl Concello de Sanxenxo.
- A entidade non ten solicitada, nin concedida ningunha subvención a outra entidade pública ou privada para a mesma finalidade, a excepción das seguintes:

Organismo ou entidade	Importe (1)

(1) Consigna o que proceda: solicitada, concedida, denegada, etc...

Sanxenxo, de de 2024

Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A  
ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA  
PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 –  
TEMPADA 2023ANEXO III  
DECLARACIÓN RESPONSABLE (DEPORTISTAS INDIVIDUAIS)

<b>Datos da persoa solicitante:</b>
Nome e apelidos:
DNI:
<b>Datos da persoa representante (só no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade):</b>
Nome e apelidos:
DNI:
En calidade de nai/pai/titor:

## DECLARA

- Que, a data de hoxe, non teño contraída ningún tipo de débeda co Concello de Sanxenxo.
- Non solicitei, nin teño concedida ningunha axuda, a outra entidade pública ou privada para a mesma finalidade, a excepción das seguintes:

Organismo ou entidade	Importe (1)

(2) Consigna o que proceda: solicitada, concedida, denegada, etc...

Sanxenxo, de de 2024

Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO IV**  
**MEMORIA DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

<b>Datos da persoa representante da entidade:</b>
Nome e apelidos:
DNI:
En calidade de secretario/a da entidade deportiva:
Con CIF:

Certifica que son certos os datos detallados a continuación:

Categorías de equipo e nivel da competición	
Categoría equipo	Nivel de competición
Ámbito territorial das competicións na fase regular	
Resultados destacados na tempada	
Proxectos, programas ou outras actividades paralelas á competición, organizadas pola entidade	

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: UUDHPD8CG8CRNOVE



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONSS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO IV**  
MEMORIA DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA (**DEPORTISTAS INDIVIDUAIS**)

<b>Datos da persoa solicitante</b>	
Nome e apelidos:	
DNI:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Certifica que son certos os datos detallados a continuación:	
<b>Datos deportivos</b>	
Disciplina deportiva:	
Categoría de competición:	
Federación deportiva á que pertence:	
Campionatos o probas para as que solicita a subvención:	
Lugar de celebración das competicións para as que solicita a subvención:	
Datas das competicións para as que solicita a subvención	
Resultados deportivos nas competicións para as que solicita a subvención	

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS. TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO V**  
**ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

<b>Datos da persoa representante da entidade:</b>
Nome e apelidos:
DNI:
En calidade de secretario/a da entidade deportiva:
Con CIF:

Certifica que o orzamento de ingresos e gastos previstos para a tempada 2022/2023, ou para a tempada 2023 se a tempada deportiva é anual, é o seguinte:

<b>INGRESOS</b>	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Subvencións	€
Cotas socios/xogadores	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
<b>TOTAL INGRESOS</b>	€

<b>GASTOS</b>	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Gastos federativos	€
Gastos de materiais	€
Gastos desprazamentos	€
Seguros	€
	€
	€
	€
<b>TOTAL GASTOS</b>	€

- A contía total de ingresos deberá coincidir coa contía total de gastos.

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

## ANEXO V

## ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS (DEPORTISTAS INDIVIDUAIS)

<b>Datos da persoa solicitante:</b>
Nome e apelidos:
DNI:

Certifica que o orzamento de ingresos e gastos para a axuda da actividade solicitada dentro da tempada 2023, é o seguinte:

GASTOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
Gastos manutención e/ou aloxamento	€
Gastos de transporte e/ou desprazamento	€
Gastos de inscrición	€
Gastos de vestimenta	€
Gastos material deportivo	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€
INGRESOS	
CONCEPTO:	IMPORTE:
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

Sanxenxo, de de 2024  
Sinatura



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO VI**  
**CONTA XUSTIFICATIVA (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

<b>Datos da persoa representante da entidade:</b>
Nome e apelidos:
DNI:
En calidade de secretario/a da entidade deportiva:
Con CIF:

**CERTIFICA**

Que para a convocatoria de concesión de subvencións a entidades deportivas e deportistas individuais, tempada 2022/2023, ou para a tempada 2023 se a tempada deportiva é anual, recibimos unha axuda de \_\_\_\_\_ €, para os gastos que se relacionan na seguinte:

CONTA XUSTIFICATIVA				
EMPRESA	CIF	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE:
				€
				€
				€
				€
				€
				€
TOTAL CONTA XUSTIFICATIVA				€

Que os gastos indicados na conta xustificativa son reais e se aplicaron á actividade subvencionada.

A esta entidade, SI /NO se lle concederon outras axudas ou subvencións de administracións públicas ou de entidades privadas para a mesma finalidade.

Organismo ou entidade	Importe (1)

(1) Consigna o que proceda: solicitada, concedida, denegada, etc...

Esta entidade cumpre con todas as condicións para optar a esta subvención, e non ten contraídas débedas coas administracións públicas

E para que así conste e xurda aos efectos oportunos, asino a presente en Sanxenxo, de de 2024



Luns, 10 de xuño de 2024

Núm. 112

BASES E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIONS OFICIAIS.TEMPADA 2022/2023 – TEMPADA 2023

**ANEXO VI**  
**CONTA XUSTIFICATIVA (DEPORTISTAS INDIVIDUAIS)**

<b>Datos da persoa solicitante:</b>
Nome e apelidos:
DNI:

**CERTIFICA**

Que para a convocatoria de subvencions a entidades deportivas e deportistas individuais, tempada 2022/2023, o para a tempada 2023, recibín unha axuda de \_\_\_\_\_ €, para os gastos que se relacionan na seguinte:

CONTA JUSTIFICATIVA				
EMPRESA	CIF	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE:
				€
				€
				€
				€
				€
				€
TOTAL CONTA XUSTIFICATIVA				€

Que os gastos indicados na conta xustificativa son reais e se aplicaron á actividade subvencionada.

Que, SI / NO se me concederon outras axudas ou subvencions de administracións públicas ou de entidades privadas para a mesma finalidade.

Organismo ou entidade	Importe (1)

(1) Consigna o que proceda: solicitada, concedida, denegada, etc...

Cumpro con todas as condicións para optar a esta subvención, e non teño contraídas débedas coas administracións públicas e para que así conste e sura aos efectos oportunos, asino a presente en Sanxenxo, de de 2024

